


11 de febreiro de 2015

Defender o conseguido, avanzar en dereitos



CCOO gaña as eleccións en BBVA O equipo renova a súa confianza para que sigamos traballando



	2006	2010	2015		
	%	%	Dlgs	%	Dif ^a
CCOO	39,5	42,7	284	43,2	0,5
UGT	21,7	21,0	116	17,6	-3,4
CGT	19,1	18,1	113	17,2	-0,9
ACB	13,5	12,1	105	16,0	3,9
CIG	2,1	2,3	15	2,3	0,0
ELA	2,0	1,9	14	2,0	0,1
LAB	1,6	1,4	6	0,9	-0,5
ICSC	0,3	0,5	3	0,5	0,0
SEC	----	----	2	0,3	----
Dlgs	944	775	658		

Onte 11 de febreiro eliximos en BBVA 649 Delegadas e Delegados sindicais. O Comité de 9 delegados/ás de Albareda - Las Palmas de Gran Canaria prorroga o seu mandato ata as próximas Eleccións Sindicais.

Decidimos sobre quen nos van representar sindicalmente para enfrontarnos ás múltiples dificultades que atravesamos e ás que nos esperan. A crise económica, financeira, de emprego,... deixa tamén máis vítimas, como son os dereitos das traballadoras e traballadores, e o pouco que tiñamos digno de chamarse estado social.

Neste momento, de problemas e ameazas, dende CCOO constatamos con satisfacción o amplo respaldo e a confianza nas nosas candidaturas, na nosa forma de facer, no noso programa. Confírmannos aínda máis como o primeiro sindicato en BBVA, tamén en Banca, e comprometémos contigo e co equipo.

Este resultado é o recoñecemento ao traballo e á coherencia da nosa acción sindical, centrado en achegar solucións e mellorar os teus dereitos, e dun proxecto de futuro centrado no principal: o emprego e o Convenio Colectivo de Banca. E foi posible grazas ao compromiso, a dedicación e a capacidade de nosos/ás delegados/ás, dos que formaron parte das nosas Candidaturas, da constancia e o apoio das persoas afiliadas, da participación e o voto de miles de empregadas/vos que, como ti, decidiron.

Grazas pola vosa participación e apoio.

12 de febreiro de 2015

Os resultados completos, Comité por Comité, en breve, poderalos consultar na nosa Web e no noso Portal Sindical.

CCOO gaña as eleccións en BBVA O equipo renova a súa confianza para que sigamos traballando